



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Referencia: DP0030 / 2026

Expediente convocatoria: 2025000035017

RESOLUCIÓN QUE MODIFICA A RESOLUCIÓN 2026/537 POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO A ENTES DE XESTIÓN, ASOCIACIÓNS, MANCOMUNIDADES E CONSORCIOS TURÍSTICOS PARA A MELLORA DA CALIDADE, COMPETITIVIDADE E ACTIVIDADES TURÍSTICAS, DA PROVINCIA DA CORUÑA, NO ANO 2026 (DP0030 / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

RESOLVO:

Modificar a resolución **2026/537** para correxir os seguintes puntos:

Onde di:

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás horas do día , e finalizará ás horas do día , tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Debe dicir:

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ao día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de febreiro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

E onde di:

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará el día siguiente a la publicación de la convocatoria, y finalizará a las horas del día , toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Debe dicir:

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará al día siguiente a la publicación de la convocatoria, y finalizará a las horas 14:00 horas del día 16 de febrero de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

En consecuencia, o texto íntegro da resolución modificada queda como segue:

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2026", e vistos os informes do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución

número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2026", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2026", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ao día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de febreiro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO A ENTES DE XESTIÓN, ASOCIACÍONS, MANCOMUNIDADES E CONSORCIOS TURÍSTICOS PARA A MELLORA DA CALIDADE, COMPETITIVIDADE E ACTIVIDADES TURÍSTICAS, DURANTE O ANO 2026.

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Sección	Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincia da Coruña, durante o ano 2026
Beneficiarios	Entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos da provincia da Coruña
Programa	DP0030/2026
Aplicación orzamentaria	0510/4321/46301-----315.000 0510/4321/46701-----150.000 0510/4321/479-----250.000 0510/4321/481 ----- 1.650.000
Importe da convocatoria	2.365.000 € Estes importes poderán ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Máximo 187.500 €
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo 150.000 €
Importe solicitado	Até o 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	Máximo 0,8
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas a promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na seguinte normativa específica:

- Lei 7/2011, de 27 de outubro, del turismo de Galicia e normativa de desenvolvemento.

A presente convocatoria de subvencións está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 6. “Promover o turismo local e provincial” e aos seus obxectivos operativos 0.30 “Promover o turismo provincial e local”, 0.32 “Contribuír á mellora integral dos destinos turísticos da provincia”, 0.34 “Apoiar a xestión dos xeodestinos da provincia” e 0.35 “Coordinar a actividade turística con outras institucións públicas e privadas”.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

O obxecto do programa DP0030/2026 é establecer as normas para a solicitude, a concesión, a xustificación e o pagamento das subvencións, en réxime de concorrência competitiva que conceda a Deputación da Coruña destinadas a financiar as actividades que en materia de calidade, competitividade, organización de eventos e iniciativas turísticas realicen os entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos.

2.2 Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026**. Polo tanto, unicamente se admitirán xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria, poderán admitirse xustificantes que sexan expedidos antes do 16 de xaneiro de 2027.

2.3 Finalidade

A Deputación da Coruña convoca esta liña de subvencións como parte da súa política de apoio a entidades locais, supramunicipais, asociativas e mixtas para o fomento da creación de produtos turísticos, mellora da difusión e posicionamento turístico do territorio, fomento da formación no sector e avances na calidade deste segmento de mercado, co financiamento de áreas como a formación, a implementación de plans ou o desenvolvemento de actividades.

Ademais, esta convocatoria prioriza o impulso da colaboración público-privada e sectorial, promovendo a competitividade e a innovación a través de redes asociativas representativas, que integren a cadea de valor turística galega e xestionen certificacións de calidade (como por exemplo os selos UNE); a implantación e desenvolvemento de proxectos europeos de economía azul (como poden ser os casos dos proxectos DIBEST, ECODESTIN, SANA e CAPITEN) para potenciar o turismo náutico sustentable, nun litoral como o da Provincia da Coruña que conta con 956 kms de costa; e o impulso da gastronomía provincial como recurso turístico mediante a colaboración con asociacións de cociñeiros en formación para a calidade e a excelencia, a organización de eventos diferenciadores e a popularización de recetarios de produtos de proximidade de tempada.

Estes obxectivos inclúen a dinamización territorial mediante a creación de produtos innovadores e de permanencia, como rutas náuticas, experiencias gastronómicas e plans de internacionalización, así como a promoción da sustentabilidade ambiental e a xeración de emprego no rural, en liña coa Estratexia de Turismo de Galicia 2030.

Base3. Solicitantes

Poderán participar as seguintes entidades, que cumpran os requisitos do seguinte apartado, no momento de presentaren a solicitude:

- Os consorcios turísticos e mancomunidades, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que consten debidamente rexistrados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026.
- Outros modelos de entes de xestión turística, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, nos que a cota de participación ou o capital maioritario sexa de

carácter público local rexistrados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026.

- As asociacións turísticas que teñan como finalidade a xestión dun xeodestino, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que consten debidamente rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026 e que estean participadas formalmente, como mínimo, do 75% dos concellos do territorio do xeodestino. No caso de existir no ámbito do xeodestino máis dunha entidade que cumpra os requisitos sinalados anteriormente, subvencionarase tan só a de maior puntuación técnica na valoración.
- As asociacións que consten debidamente rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026 e xestionen algún proxecto turístico certificado polo ámbito estatal, Unión Europea ou a UNESCO (Reserva da Biosfera, Xeoparque, Vías Verdes...) que teñan o domicilio fiscal na provincia da Coruña.
- As asociacións sen ánimo de lucro que teñan nos seus estatutos como obxecto principal o turismo, que os seus asociados sexan maioritariamente persoas físicas ou xurídicas relacionadas directamente co sector turístico, realicen actividades turísticas e manteñan oficinas de turismo operativas e atendidas por persoal titulado en turismo, en edificios patrimoniais de carácter singular, propiedade dalgunha administración pública (museos, centros de interpretación, faros, castelos...).
- As asociacións de concellos que xestionen os Camiños de Santiago que pasen de forma íntegra pola provincia da Coruña e que formen parte da Mesa dos Camiños da Provincia da Coruña.
- Os Convention Bureau e asociacións de Operadores Profesionais de Congresos, debidamente rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026, que teñan o seu domicilio fiscal na provincia da Coruña e que teñan como obxecto principal o desenvolvemento e promoción do turismo MICE nesta provincia.
- As entidades ou asociacións, calquera que sexa a súa denominación, sen ánimo de lucro e con domicilio fiscal na provincia da Coruña, debidamente rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026, que teñan consideración de clúster turístico e cuxo obxecto principal sexa o impulso do sector turístico, sempre que a maioría dos seus membros sexan empresas ou entidades directamente vinculadas ao turismo e representen a cadea de valor turística da provincia, orientando a súa actividade á mellora da calidade, competitividade, promoción e internacionalización do destino.

Considérase clúster a aquelas asociacións que teña unha estrutura empresarial colaborativa, con obxectivos estratéxicos e de innovación, recoñecida institucionalmente e cunha composición multisectorial que agrupe empresas, administracións e outras entidades relacionadas.

- As asociacións náuticas sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia da Coruña, debidamente rexistrada con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026, que teña como obxecto principal o turismo náutico, que os seus asociados sexan maioritariamente entidades e profesionais relacionados co sector náutico- recreativo e o turismo litoral, desenvolvan actividades turísticas sustentables que teñan xestionado ou xestionen, desenvolvan ou executen proxectos europeos de cooperación para o desenvolvemento e transferencia de coñecemento da economía azul (DIBEST, ECODESTIN, SANA e CAPITEN).
- As asociacións de cociñeiros sen ánimo de lucro, con participación de profesionais de varios concellos da provincia, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, debidamente rexistrada con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026, que teña como obxecto principal a promoción da gastronomía como recurso turístico, que os seus asociados sexan exclusivamente cociñeiros profesionais relacionados co sector turístico, que realicen actividades gastronómicas diferenciadoras (como eventos de promoción do km0, da economía circular, recetarios de produtos locais...), que se aliñen claramente cos valores da campaña institucional da Deputación da Coruña “A provincia que sabe”, tanto na filosofía enogastronómica dos seus asociados como nas actividades a desenvolver pola asociacións.

Enténdense como asociacións de cociñeiros as especificamente constituídas por profesionais da cociña, excluindo as formadas por restaurantes e similares. Deberán contar con socios en varios concellos da provincia.

- Quedan expresamente excluídos desta convocatoria os Grupos de Desenvolvemento Rural, os Grupos de Acción Costeira e calquera outro ente xestor de fondos europeos participados directamente pola administración autonómica e/ou estatal, coa excepción dos modelos de xestión e/ou asociacións que xestionen certificacións internacionais.

Base 4. Gastos subvencionables

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
607	Traballos realizados por outras empresas (Traballos necesarios para o proxecto encargados a outras empresas, incluídos os gastos de manutención e aloxamento necesarios para a realización da actividade, que non son imputables á conta 629 por non ser persoal propio da empresa.)

621	Arrendamentos e canons
622	Reparacións e conservacións
624	Transportes (só gastos de desprazamentos concertados con terceiros en transporte público ou privado agás os que deban incluírse na conta 629)
627	Publicidade e propaganda
628	Subministracións
625	Primas de seguros: primas de seguros específicos relacionados coa actividade.
629	Outros servizos (só gastos de desprazamento, aloxamento e manutención do persoal da entidade necesarios para a realización da actividade.
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais

Consideracións respecto aos gastos subvencionables:

- Os gastos xerais da entidade (persoal e gastos correntes) poderán subvencionarse co límite do 15% do importe dos gastos directos admitidos como subvencionables.
- Os gastos de manutención do persoal propio só serán subvencionables cando se produzan fóra da provincia da Coruña e se acredite na memoria da xustificación a vinculación ou a necesidade destes gastos para o desenvolvemento da actividade subvencionada.
- No caso de gastos de persoal propio que se dedique directamente ao desenvolvemento do obxecto subvencionado poderá considerarse gasto directo. Esta vinculación deberá acreditarse na memoria no trámite da xustificación. Este gasto de persoal será imputado proporcionalmente á porcentaxe de tempo dedicada aos proxectos incluídos no obxecto da subvención.
- Os gastos de persoal externo contratado para a execución do obxecto subvencionado serán imputables até un máximo do 30% do total dos gastos directos admitidos como subvencionables.
- Non caso de contratación de persoal externo, non serán subvencionables outros gastos que sexan facturados pola mesma empresa que factura o gasto do persoal externo.

Serán obxecto de axuda os proxectos que se desenvolvan en relación coas seguintes liñas:

A) Actuacións en materia de calidade

Serán admisibles e avaliábles aqueles proxectos que leven aparelado un incremento da calidade na prestación dos servizos turísticos no territorio. Valoraranse especialmente os plans de formación encamiñados á mellora da calidade dos servizos e actualización e profesionalización dos sectores directamente relacionados coas actividades turísticas.

Non se admitirán actividades e/ou propostas repetidas e realizadas en convocatorias anteriores que non teñan debidamente xustificada a repercusión e o impacto turístico no territorio.

B) Organización de celebracións e eventos turísticos

As actuacións presentadas baixo este apartado deberán, en calquera caso, reunir os seguintes criterios xerais:

- En todos os casos o tema da celebración deberá gardar unha estreita relación coa entidade que o promove e tanto o evento en si mesmo, como as actuacións concretas que se organicen, terán un carácter xeneralizado. Deberán demostrar a capacidade de captar unha afluencia importante de visitantes de fóra do ámbito territorial de xestión da entidade solicitante.
- Poderán ser acollidos tan só aqueles eventos cun orzamento (inicial e xustificado subvencionable) igual ou superior a 20.000 euros.
- Quedarán excluídos os eventos celebrados dentro de festas patronais, romarías, festexos de carácter relixioso (salvo que estean declaradas de interese turístico).
- Un ente supramunicipal poderá presentar, como máximo, dous eventos, que se realicen en concellos diferentes, agás no caso dos Convention Bureau e dos Operadores de Congresos que poderán realizar os dous eventos na mesma localidade.

Os eventos turístico-festivos e os turístico-deportivos deberán xustificar, en todo caso, a súa integración dentro dos Plans de desenvolvemento turístico da súa zona.

Nesta liña os gastos subvencionables están suxeitos as seguintes limitacións:

- Os gastos propios da organización do evento que estean relacionados directamente co eixe principal do devandito evento.
- As actuacións dinamizadoras do evento de rúa, de carácter xeneralizado e público a condición de que non supoñan unha programación con identidade propia paralela ao evento principal.
- As axudas de custo de invitados especiais (xornalistas, escritores, etc...) susceptibles de xerar publicidade gratuíta, como gastos de desprazamento, aloxamento e/ou manutención, non así agasallos ou obsequios de carácter xeneralizado.

- Os gastos da contratación de asistencia externa serán imputables até un máximo do 30% do total dos gastos directos derivados do evento admitidos como subvencionables.
- Os gastos de comunicación e publicidade serán imputables até un máximo do 30% do total dos gastos directos derivados do evento admitidos como subvencionables.
- Será tamén obxecto de subvención nos casos nos que o tema central sexa un produto gastronómico relacionado coa entidade que o promove, e unicamente nestes casos, a materia prima producida no territorio obxecto da subvención, máis os ingredientes básicos necesarios para a súa elaboración.
- En todo caso os gastos de ingredientes e elaboración non poderán supor máis dun 20% do total dos gastos directos derivados do evento admitidos como subvencionables. Non están contemplados nesta convocatoria os gastos de roupa ou utensilios para degustacións, nin os de comidas populares ou institucionais, os concertos ou verbenas nocturnas, nin charlas ou conferencias.
- O orzamento deberá estar debidamente desagregado e agrupado como mínimo nos seguintes conceptos: gastos de organización, asistencia técnica, axudas de custo dos convidados, actuacións de animación, produtos alimenticios, actuacións de promoción e comunicación, e no seu caso gastos de persoal.
- O devandito orzamento deberá, en calquera caso, gardar coherencia e proporcionalidade no seu conxunto.

Todas as restricións de porcentaxe de gasto reflectidas serán de aplicación unicamente no desenvolvemento desta liña de traballo “B) Organización de celebracións e eventos turísticos”

C) Iniciativa de desenvolvemento de produtos

Esta epígrafe ten como obxectivo acoller aquelas actuacións e propostas dinamizadoras que melloren a experiencia turística no territorio, propostas que, en todo caso, deberán reunir os seguintes requisitos:

- A actuación debe ter unha clara vocación de permanencia e continuidade no tempo e capacidade de xerar ingresos directos ou indirectos no sector empresarial, sector que, en todo caso, deberá participar do proxecto de forma activa. As actuacións deben ser innovadoras evitando repetir actividades e, no caso de ser a mesma actividade, debe contar con melloras.

Non se admitirán actividades e/ou propostas repetidas e realizadas en convocatorias anteriores que non teñan debidamente xustificada a repercusión e o impacto turístico no territorio.

- Se a proposta inclúe visitas ou actividades previstas para a participación dun grupo de persoas, establecerase un mínimo de persoas necesario para a súa realización.

Enténdense como gastos susceptibles de seren acollidos, entre outros, os seguintes:

- Gastos de deseño da proposta ou de desenvolvemento de contidos.
- Material interpretativo do recurso turístico, sempre relacionado coa proposta que se desenvolva.
- Gastos de comunicación, promoción, necesarios para dar difusión á proposta.
- Gastos que resulten inherentes ao proxecto e sen os cales este perde o seu sentido (non se considerarán como tales os gastos de oficina ou papelería).

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1 Compatibilidades

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

5.2 Exclusións

Non serán obxecto de subvención:

- As actividades xa subvencionadas pola Deputación da Coruña no presente exercicio.
- As actividades que non se correspondan co obxecto específico da convocatoria.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade.

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no extracto da convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como

responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na [Política de Privacidade](#) da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica ena Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación, as persoas beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

7.1 Recollida de datos desagregados

Recabar datos desagregados por sexo no caso de realizar estudos, estatísticas, enquisas e formularios.

7.2.- Comunicarlle á Presidencia da Deputación da Coruña e á sección de Promoción e desenvolvemento turístico, con carácter previo, a presentación das actividades subvencionadas e campañas de promoción relacionadas.

7.3 .- Difusión do apoio da Deputación

As entidades beneficiarias incluírán en lugar visible o [logotipo da Deputación](#) na súa páxina web e nos soportes de difusión das actividades subvencionadas.

As obrigas de difusión do apoio da Deputación entenderanse desde a data de concesión ata o pago da subvención.

7.4. Lingua galega

As entidades beneficiarias deberán ter sempre a súa páxina **web oficial en lingua galega e** o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc.) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

8.1 Procedemento de concesión

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrncia competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e será aprobada por resolución da Presidencia.

A cantidade que se concederá dependerá da suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

8.2 Procedemento de concesión e cambios na solicitude.

A concesión das subvencións seguirá o procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e será aprobada por resolución da Presidencia.

Neste programa non se admiten cambios de obxecto.

Todas as modificacións que non supoñan un cambio de obxecto deberán de contar co informe favorable do persoal técnico da unidade tramitadora do expediente.

8.2 Valoración das solicitudes:

Para a valoración das solicitudes desta convocatoria seguiranse os seguintes criterios de baremación:

Número total de prazas de aloxamento en establecementos turísticos do territorio. Este dato extraerase do Rexistro oficial de empresas e actividades turísticas dependente da Dirección Xeral de Turismo, referido a 31 de decembro do ano anterior ao da convocatoria.	Entre 1 e 1.000-----4 puntos Entre 1.001 e 3.000- -8 puntos Entre 3.001 e 5.000--12 puntos Entre 5.001 e 10.000-- 16 puntos Máis de 10.000 20 puntos	Ata 20 puntos
Poboación residente no territorio obxecto de xestión da entidade solicitante	Menos de 30.000-----5 puntos 30.000 a 50.000-----10 puntos 50.001 a 100.000-----15 puntos Máis de 100.000-----20 puntos	Ata 20 puntos

Festexos declarados de interese turístico galego ou estatal que se desenvolvan no ámbito do territorio	1 punto por evento	Ata 5 puntos
Valoración técnica do proxecto segundo a memoria subministrada	Descrición das actividades, obxectivos e cronograma -- Ata 15 puntos Plan de difusión -- Ata 5 puntos Fundamentación das razóns de interese público -- Ata 5 puntos Visitas guiadas e produtos turísticos suxeitos a prezo público - Ata 5 puntos (1 punto por recurso) Ter algunha declaración recoñecida pola Unesco --- 5 puntos Plan de avaliación: definición de indicadores e avaliación continua ---Ata 5 puntos	Ata 40 puntos
Coeficiente de financiamento ou capacidade de autofinanciamento da entidade "segundo a súa definición, recollida no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación. De tal xeito que a menor coeficiente meirande puntuación obtería a entidade solicitante"		Ata 15 puntos

A valoración e asignación de puntos a cada solicitude realizarase polo persoal funcionario da unidade xestora.

Unha vez comprobada a adecuación das solicitudes ao obxecto da convocatoria e realizada a valoración, elaborárase unha listaxe por orde de puntuación, de onde será extraída a proposta de adxudicación.

Base 9. Xustificación e pago

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2027, ás 14:00 horas**.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Segundo o indicado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incurso/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- No caso de que a persoa beneficiaria sexa unha entidade de dereito privado

que non teña a consideración de poder adxudicador comprométese solicitar polo menos, tres ofertas de distintas empresas proveedoras no caso de que o gasto sexa superior a 15.000€ (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000€ (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 29.3. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As ofertas recibidas deberán achegarse coa documentación xustificativa.

- No caso de que a persoa beneficiaria sexa unha entidade de dereito público ou teña a consideración de poder adxudicador comprométese a adecuarse á normativa xeral de contratación pública que lle sexa aplicable.
- Declaro coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos persoais facilitados nas solicitudes serán tratados pola Deputación da Coruña co fin de levar a cabo a tramitación administrativa do programa correspondente.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. No caso de que a Deputación utilice imaxes de persoas físicas para promocionar a súa actividade subvencional contará co consentimento das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpre co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política de Privacidade da Deputación ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Documentación:

- Certificación do acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos da entidade e, no seu caso, número de persoas socias de pleno dereito.
- Memoria da solicitude: a solicitude deberá detallar o tipo de gasto a realizar para comprobar que se trata dun gasto subvencionable na presente convocatoria.

- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.
- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas **vinculadas** á entidade: solicitude de autorización segundo o disposto no artigo 29.7.d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Informe técnico, certificado pola secretaría dos entes de xestión, asociacións, mancomunidades ou consorcios no que consten os datos subministrados na solicitude para os efectos de baremación.
- Calquera outra documentación, compromisos ou manifestacións que sexa precisa para a valoración da solicitude.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nas bases ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos

para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada. A xustificación insuficiente poderá dar lugar ao reintegro das cantidades anticipadas.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

Documentación:

- Acreditación da representación, delegación e cargos da entidade, no seu caso.
- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación de:
 - Actividades realizadas, persoas beneficiarias, resultados obtidos e desviacións acaecidas.
 - Acreditación da vinculación dos gastos de persoal coas actividades subvencionadas.
 - Indicación de e cales son os gastos asociados a cada unha das actividades realizadas (incluíndo en que liña de actuación se enmarcan) e relacionando cada importe co seu concepto de gasto e coa factura emitida. de cada un deles.
- Relación clasificada dos gastos realizados: Documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos da actividade ou investimento obxecto de subvención no apartado correspondente da xustificación.

No suposto de que se xustifiquen gastos de persoal, no detalle de gastos indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina (conta 640) e o importe da seguridade social con cargo á entidade (conta 642) que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado

Unicamente se admitirán xustificantes de gasto correspondentes a actividades realizadas entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos nos períodos sinalados.

Non obstante, naqueles casos nos que as actividades fosen realizadas no

final do período da convocatoria de subvencións, poderían admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2027.

No caso de programas ou proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentarase declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores.

No caso das subvencións superiores a 60.000 €, ademais, deberán presentar as facturas de gasto, que se achegarán a cada un dos rexistros da relación de gastos.

- Relación dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- Proba documental dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida e do uso da lingua galega.
- No caso de que a persoa beneficiaria sexa unha entidade de dereito privado que non teña a consideración de poder adxudicador deberán achegar polo menos, tres ofertas de distintas empresas provedoras no caso de que o gasto sexa superior a 15.000€ (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000€ (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 29.3. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.
- No caso de que a persoa beneficiaria sexa unha entidade de dereito público ou teña a consideración de poder adxudicador deberá achegar xustificación da contratación de conformidade coa normativa xeral de contratación pública que lle sexa aplicable.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social

Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade

- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

- Os consorcios turísticos e mancomunidades, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que consten debidamente rexistrados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026.
- Outros modelos de entes de xestión turística, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, nos que a cota de participación ou o capital maioritario sexa de carácter público local rexistrados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026.
- As asociacións turísticas que teñan como finalidade a xestión dun xeodestino, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que consten debidamente rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026 e que estean participadas formalmente, como mínimo, do 75% dos concellos do territorio do xeodestino. No caso de existir no ámbito do xeodestino máis dunha entidade que cumpra os requisitos sinalados anteriormente, subvencionarase tan só a de maior puntuación técnica na valoración.
- As asociacións que consten debidamente rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026 e xestionen algún proxecto turístico certificado polo ámbito estatal, Unión Europea ou a UNESCO (Reserva da Biosfera, Xeoparque, Vías Verdes) que teñan o domicilio fiscal na provincia da Coruña. - As asociacións sen ánimo de lucro que teñan nos seus estatutos como obxecto principal o turismo, que os seus asociados sexan maioritariamente persoas físicas ou xurídicas relacionadas directamente co sector turístico, realicen actividades turísticas e manteñan oficinas de turismo operativas e atendidas por persoal titulado en turismo, en edificios patrimoniais de carácter singular, propiedade dalgunha administración pública (museos, centros de interpretación, faros, castelos).
- As asociacións de concellos que xestionen os Camiños de Santiago que pasen de forma íntegra pola provincia da Coruña e que formen parte da Mesa dos Camiños da Provincia da Coruña.
- Os Convention Bureau e asociacións de Operadores Profesionais de Congresos, debidamente rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026, que teñan o seu domicilio fiscal na provincia da Coruña e que teñan como obxecto principal o desenvolvemento e promoción do turismo MICE nesta provincia.
- As entidades ou asociacións, calquera que sexa a súa denominación, sen ánimo de lucro e con domicilio fiscal na provincia da Coruña, debidamente rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026, que teñan consideración de clúster turístico e cuxo obxecto principal sexa o impulso do sector turístico, sempre que a maioría dos seus membros sexan empresas ou entidades directamente vinculadas ao turismo e

representen a cadea de valor turística da provincia, orientando a súa actividade á mellora da calidade, competitividade, promoción e internacionalización do destino.

- As asociacións náuticas sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia da Coruña, debidamente rexistrada con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026, que teña como obxecto principal o turismo náutico, que os seus asociados sexan maioritariamente entidades e profesionais relacionados co sector náuticorecreativo e o turismo litoral, desenvolvan actividades turísticas sustentables que teñan xestionado ou xestionen, desenvolvan ou executen proxectos europeos de cooperación para o desenvolvemento e transferencia de coñecemento da economía azul (DIBEST, ECODESTIN, SANA e CAPITEN).

- As asociacións de cociñeiros sen ánimo de lucro, con participación de profesionais de varios concellos da provincia, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, debidamente rexistrada con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026, que teña como obxecto principal a promoción da gastronomía como recurso turístico, que os seus asociados sexan exclusivamente cociñeiros profesionais relacionados co sector turístico, que realicen actividades gastronómicas diferenciadoras (como eventos de promoción do km0, da economía circular, recetarios de produtos locais...), que se aliñen claramente cos valores da campaña institucional da Deputación da Coruña "A paisaxe que sabe", tanto na filosofía enogastronómica dos seus asociados como nas actividades a desenvolver pola asociacións.

Segundo. Obxecto

O obxecto do programa DP0030/2026 é establecer as normas para a solicitude, a concesión, a xustificación e o pagamento das subvencións deste programa, en réxime de concorrência competitiva, que conceda a Deputación da Coruña destinadas a financiar ás actividades que en materia de calidade, competitividade, organización de eventos e iniciativas turísticas realicen os entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2026.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 2.365.000,00 €, con cargo ás partidas:

0510/4321/46301 -----	315.000 €
0510/4321/46701 -----	150.000 €
0510/4321/479 -----	250.000 €

0510/4321/481 ----- 1.650.000 € do orzamento ordinario para 2026.

O importe máximo das subvencións que se concedan será de 150.000 €, e a porcentaxe máximo subvencionable do orzamento de gastos será do 80%

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás horas do día , tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

- Los consorcios turísticos y mancomunidades, con domicilio fiscal en la provincia de A Coruña, que consten debidamente registrados con anterioridad al 1 de enero de 2026.

- Otros modelos de entes de gestión turística, con domicilio fiscal en la provincia de A Coruña, en los que la cuota de participación o el capital mayoritario sea de carácter público local, registrados con anterioridad al 1 de enero de 2026.

- Las asociaciones turísticas que tengan como finalidad la gestión de un geodestino, con domicilio fiscal en la provincia de A Coruña, que consten debidamente registradas con anterioridad al 1 de enero de 2026 y que estén participadas formalmente, como mínimo, por el 75 % de los ayuntamientos del territorio del geodestino. En el caso de existir en el ámbito del geodestino más de una entidad que cumpla los requisitos señalados anteriormente, se subvencionará únicamente la de mayor puntuación técnica en la valoración.

- Las asociaciones que consten debidamente registradas con anterioridad al 1 de enero de 2026 y gestionen algún proyecto turístico certificado por el ámbito estatal, la Unión Europea o la UNESCO (Reserva de la Biosfera, Geoparque, Vías Verdes), que tengan su domicilio fiscal en la provincia de A Coruña.

- Las asociaciones sin ánimo de lucro que tengan en sus estatutos como objeto principal el turismo, cuyos asociados sean mayoritariamente personas físicas o jurídicas relacionadas directamente con el sector turístico, realicen actividades turísticas y mantengan oficinas de turismo operativas y atendidas por personal titulado en turismo, en edificios patrimoniales de carácter singular, propiedad de alguna administración pública (museos, centros de interpretación, faros, castillos).

- Las asociaciones de ayuntamientos que gestionen los Caminos de Santiago que discurran de forma íntegra por la provincia de A Coruña y que formen parte de la Mesa de los Caminos de la Provincia de A Coruña.

- Los Convention Bureau y asociaciones de Operadores Profesionales de Congresos, debidamente registrados con anterioridad al 1 de enero de 2026, que tengan su domicilio fiscal en la provincia de A Coruña y que tengan como objeto principal el desarrollo y la promoción del turismo MICE en esta provincia.

- Las entidades o asociaciones, cualquiera que sea su denominación, sin ánimo de lucro y con domicilio fiscal en la provincia de A Coruña, debidamente registradas con anterioridad al 1 de enero de 2026, que tengan la consideración de clúster turístico y cuyo objeto principal sea el impulso del sector turístico, siempre que la mayoría de sus miembros sean empresas o entidades directamente vinculadas al turismo y representen la cadena de valor turística de la provincia, orientando su actividad a la mejora de la calidad, la competitividad, la promoción y la internacionalización del destino.

- Las asociaciones náuticas sin ánimo de lucro, con domicilio fiscal en la provincia de A Coruña, debidamente registradas con anterioridad al 1 de enero de 2026, que tengan como objeto principal el turismo náutico, cuyos asociados sean mayoritariamente entidades y profesionales relacionados con el sector náutico-recreativo y el turismo litoral, desarrollen actividades turísticas sostenibles y que hayan gestionado o gestionen, desarrollen o ejecuten proyectos europeos de cooperación para el desarrollo y la transferencia de conocimiento de la economía azul (DIBEST, ECODESTIN, SANA y CAPITEN).

- Las asociaciones de cocineros sin ánimo de lucro, con participación de profesionales de varios ayuntamientos de la provincia, con domicilio fiscal en la provincia de A Coruña, debidamente registradas con anterioridad al 1 de enero de 2026, que tengan como objeto principal la promoción de la gastronomía como recurso turístico, cuyos asociados sean exclusivamente cocineros profesionales vinculados al sector turístico, que realicen actividades gastronómicas diferenciadoras (como eventos de promoción del km 0, de la economía circular, recetarios de productos locales), y que se alineen claramente con los valores de la campaña institucional de la Diputación de A Coruña "A Paisaxe que sabe", tanto en la filosofía enogastronómica de sus asociados como en las actividades a desarrollar por la asociación.

Segundo. Objeto

El objeto del programa DP0030/2026 es establecer las normas para la solicitud, la concesión, la justificación y el pago de las subvenciones de este programa, en régimen de concurrencia competitiva, que conceda la Diputación de A Coruña destinadas a financiar las actividades que, en materia de calidad, competitividad, organización de eventos e iniciativas turísticas, realicen los entes de gestión, asociaciones, mancomunidades y consorcios turísticos entre el 1 de enero de 2025 y el 31 de diciembre de 2026.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 2.365.000,00 €, con cargo

a las partidas:	0510/4321/46301	-----	315.000 €
	0510/4321/46701	-----	150.000 €
	0510/4321/479	-----	250.000 €
	0510/4321/481	-----	1.650.000 €

del presupuesto ordinario para 2026. El importe máximo de las subvenciones que se concedan será de 150.000 €, y el porcentaje máximo subvencionable del presupuesto de gastos será del 80%.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará al día siguiente a la publicación de la convocatoria, y finalizará a las horas 14:00 horas del día 16 de febrero de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.